



Aprobación do proxecto COMENERG, Comunidade enerxética transfronteiriça para a transición cara a autonomía e a sustentabilidade enerxética das localidades da raia, polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027

O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, na súa reunión do 28 de setembro de 2023 en Conil de la Frontera (Cadiz), acordou a concesión dunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), de 1.501.511,86 euros, dun orzamento total de 2.002.015,81€, ao proxecto COMENERG: Comunidade enerxética transfronteiriça para a transición cara a autonomía e a sustentabilidade enerxética das localidades da raia, presentado á Terceira convocatoria, do cal a Deputación de Ourense é Beneficiario Principal, correspondéndolle á entidade ourensá o desenvolvemento da maior parte deste orzamento, 1.007.970 euros. Os demais socios do proxecto, por parte portuguesa son, a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho), o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, a Agência Rexional de Energia e Ambiente do Alto Minho (AREA Alto Minho), e por parte galega, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e a Universidade de Vigo (Campus de Ourense)..



O obxectivo principal deste proxecto é avanzar na transición ecolóxica e a adaptación ao cambio climático do espazo transfronteiriço potenciando as enerxías renovables de conformidade coa Directiva Europea (UE) 2018/2001 sobre enerxías renovables, incluíndo os criterios de sustentabilidade que se establecen nela.

No avance cara a transición enerxética, a implementación de enerxías renovables para o autoconsumo xoga un papel fundamental. As Comunidades Enerxéticas Locais (CEL), abastecidas mediante fontes de enerxía renovables, poden xogar un papel de gran relevancia nesta transición, asociando a persoas e a entidades para xerar, consumir e xestionar a enerxía de maneira comunitaria, achegando os puntos de xeración aos de subministración e reduciendo, por tanto, a dependencia enerxética dos grandes xeradores. O proxecto COMENERG desenvolverá tres experiencias piloto de comunidades enerxéticas locais con infraestruturas de xeración de enerxía fotovoltaica. Estas comunidades enerxéticas permiten ás persoas que se asocien a esa comunidade ser produtores de enerxías de fontes renovables e, grazas á instalación de sistemas de autoconsumo, poder xestionala e consumila. Para a localización das mesmas, dúas en dous concellos da provincia de Ourense (A Gudiña e Muíños) e unha en Portugal, seleccionáronse vilas e freguesías de concellos arraianos que se enfrontan ao reto demográfico e ao envellecemento poboacional.



A Deputación de Ourense adxudica o servizo de deseño e posta en funcionamento dunha páxina web, perfís en redes sociais, imaxe corporativa e accións divulgativas do proxecto COMENERG

A Deputación de Ourense adxudicou a finais de setembro de 2024 o servizo de deseño e posta en funcionamento dunha páxina web, perfís en redes sociais, imaxe corporativa e accións divulgativas do Proxecto 0052 COMENERG 1 E, cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do programa INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. Este servizo, adxudicado ao estudo galego La Décima Planta, dirixido por Juan Pablo Rivas Pires, prestarase ata o 31 de decembro de 2026.

[más info...]


Adxudicase a Sertogal S.L. a creación dunha oficina transfronteiriça para impulsar o proxecto COMENERG

A Deputación de Ourense adxudicou á enxeñería Sertogal S.L. por un total de 269.678,75 € (IVE incluído), a creación dunha oficina transfronteiriça de apoio á transición enerxética. Esta oficina prestará servizos de soporte na creación e consolidación de comunidades enerxéticas, así como información sobre mecanismos de axudas e novas iniciativas en materia de transición enerxética, como parte do Proxecto 0052 COMENERG 1 E cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) dentro do Programa INTERREG VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.

[más info...]



¿Quieres estar al día? síguenos porque lo que te vamos a contar es relevante



Que son as comunidades enerxéticas? tres exemplos en Europa; Samsø, Windpark Krammer e Kněžice. Crevillent en España e Coopérnico en Portugal.

E se puideses producir a túa propia enerxía? e se puideses utilizar o potencial dos recursos renovables da túa contorna (a auga, o sol, o vento...) para acender as luces da túa rúa, cuentar o teu fogar ou facer andar o teu automóbil, reduciendo o gasto en calefacción, impostos municipais ou combustíbel? e se a maleza que devoran os incendios, o vento que ás veces tanto te incomoda ou o sol que fai crecer os produtos da túa horta puidese alimentar a túa neveira, iluminar o teu comercio ou facer funcionar as máquinas do teu taller? e se os teus veciños se convertesen nos teus aliados nunha empresa conxunta para un beneficio común?

[más info...]



O Poder das Comunidades Enerxéticas: Aprendendo de Samsø, a Illa Verde de Dinamarca

En Europa existen máis de 1.900 proxectos de comunidades enerxéticas que involucran a máis de 1.250.000 consumidores. Este movemento reflicte como as persoas están a unirse para xerar, compartir e xestionar enerxía limpa, reduciendo emisións de carbono e promovendo a independencia enerxética. Un dos primeiros exemplos destacados deste fenómeno é a illa de Samsø en Dinamarca. Cunha poboación de 4.000 habitantes, Samsø é hoxe un modelo de autosuficiencia enerxética, xerando o 100% da súa enerxía mediante fontes renovables como a eólica, solar e biomasa.

[más info...]



Windpark Krammer: Enerxía Renovable desde a Comunidade para a Comunidade

Windpark Krammer é a maior iniciativa cidadá de enerxía renovable nos Países Baixos. Froita da cooperación entre as cooperativas locais Zeeuwind e Deltawind, que aalutinan a máis de 5.000 socios, este parque eólico xera enerxía limpa e accesible tanto para focaeres como para grandes empresas. Situado nas esclusas de Krammer, o parque conta con 34 turbinas eólicas cunha capacidade total de 102 MW, capaces de producir 350.000 MWh anuais. Isto equivale a abastecer as necesidades enerxéticas de 100.000 fogares.

[más info...]



Kněžice (República Checa): o pobo que alcanzou a autosuficiencia enerxética a través da biomasa local

No corazón da rexión de Bohemia Central, na República Checa, existe un pequeno pobo de apenas 500 habitantes que loarou algo extraordinario: alcanzar a autosuficiencia enerxética e reducir drasticamente as súas emisións de CO₂. Trátase de Kněžice, unha comunidade que se converteu en todo un referente a nivel europeo para quen busca impulsar proxectos de enerxías limpas e renovables, aproveitando os recursos locais de maneira sostible.

[más info...]

Comptem-Crevillent: a primeira comunidade enerxética de España alcanza as mil familias asociadas



Nos últimos anos, falamos de "Comunidades Enerxéticas" pioneiras en Europa (Kněžice, Samsø, Windpark Krammer). Agora chega a noticia desde España! Comptem-Crevillent, impulsada pola centenaria Cooperativa Eléctrica de Crevillent (Grupo Enercoop) e o Concello, acaba de superar a barreira das 1.000 familias asociadas 🏡⚡

Este proxecto pioneiro en Alacante sumou máis de 1.000 kW de potencia fotovoltaica en cubertas municipais 🌞. Coa recente incorporación de 3 novas "células de produción" (300 kW), 361 familias beneficiaríanse dun 15% de desconto na súa factura, podendo chegar ao 25% en canto se amortice o investimento 🏡🌱

A través do seu éxito radica nun modelo de repartición igualitaria, xestionado mediante unha plataforma intelixente (Neuro Enerxía) 🏡, que optimiza a asignación de enerxía entre os fogares participantes. O obxectivo final: abastecer aos seus 30.000 habitantes con enerxía limpa antes de 2030 🌍⚡

Coopérnico: Un modelo inspirador de comunidade enerxética en Portugal



Nun contexto onde a transición enerxética é clave para un futuro máis sostible, Coopérnico consolidouse como a primeira cooperativa de comunidades renovables en Portugal e un referente na democratización da enerxía. O seu modelo de autoconsumo colectivo e comunidades enerxéticas é un exemplo inspirador de como a cidadanía pode ser protagonista na xeración e consumo de enerxías limpas.

- 🌱 **Que é Coopérnico?**
- Fundada en 2013, Coopérnico é unha cooperativa que promove **proxectos de enerxía solar** en colaboración con concellos, pequenas empresas e organizacións sociais (IPSS). O seu obxectivo é **empoderar ás persoas**, permitíndolles participar directamente na produción de enerxía renovable e beneficiarse dela.
- 🏡 **Da enerxía solar ao autoconsumo colectivo**
- Aínda que inicialmente as súas instalacións vertían a enerxía xerada á rede, cada vez máis proxectos evolucionan cara a un modelo de **autoconsumo colectivo**. Neste esquema, varios usuarios finais comparten unha mesma instalación fotovoltaica e **reparten os custos e beneficios**, reduciendo a súa dependencia da rede eléctrica convencional.
- 🔄 **Un círculo virtuoso de enerxía e comunidade**
- Coopérnico non só fomenta a xeración de enerxía renovable, senón que **reinveste os seus beneficios en novos proxectos**, expandindo así o seu impacto e permitindo que máis persoas súmense á transición enerxética.
- 🚀 **Por que Coopérnico é un caso exemplar para Comenerg?**
- 🌱 **Implica á cidadanía na produción de enerxía limpa.**
- 🏡 **Fomenta o autoconsumo compartido e a economía local.**
- 🌱 **Contribúe á descarbonización e autosuficiencia enerxética.**
- 🌍 **É un modelo replicable noutros territorios, incluídas comunidades transfronteiriças como a Eurozona Chaves-Verín.**

Se queres coñecer máis sobre Comunidades Enerxéticas, e en concreto Comenerg na provincia de Ourense e norte de Portugal, podes seguirmos nas nosas redes sociais.

